

# NORMATIVA XERAL DE WÁTER-POLO

Tempada 2015 - 2016. Circular 15-38.

A seguinte normativa será de aplicación para todas as competicións territoriais.

## 1. Categorias de idades

As categorías son:

CATEGORIA BENJAMIN MIXTA: deportistas de 9 e 10 anos (nacidos en 2006 e posteriores)

CATEGORIA ALEVIN MIXTA: deportistas de 11 e 12 anos (nacidos en 2005 e 2004)

CATEGORIA INFANTIL MIXTA: deportistas de 13 e 14 anos (nacidos en 2003 e 2002)

CATEGORIA CADETE MIXTA: deportistas de 15 e 16 anos (nacidos en 2001 e 2000)

CATEGORIA CADETE FEMENINA: deportistas de 15 e 16 anos (nacidos en 2001 e 2000)

CATEGORIA JUVENIL MIXTA: deportistas de 17 e 18 anos (nacidos en 1999 e 1998)

CATEGORIA ABSOLUTA MASCULINA Y FEMENINA: deportistas sen límite de idade.

## 2. Inscripcións

2.1.- A participación está aberta a todos os clubs afiliados á FEGAN con licenzas en vigor e que se inscriban no prazo establecido.

2.2.- Os clubs están obrigados a comunicar á FEGAN antes da celebración da Asemblea Xeral para configurar un calendario deportivo de wáter-polo o máis aproximado á realidade o seguinte:

- Con cantos equipos e en que competicións ten previsto participar.
- Se, en función da dispoñibilidade da instalación, vai poder agruparse nunha mesma xornada as distintas categorías e de que xeito.

2.3.- Inscripción na LIGA GALEGA ABSOLUTA MASCULINA: deberá acompañarse coa tramitación das licenzas de 1 directivo, 1 técnico e, polo menos, 10 deportistas.

2.4.- Inscripción na LIGA GALEGA ABSOLUTA FEMENINA: deberá acompañarse coa tramitación das licenzas de 1 directivo, 1 técnico e, polo menos, 10 deportistas. (Se se realizase a inscrición dun equipo pertencente a un club que tamén realizase inscrición á Liga Galega Absoluta e/ou Xuvenil de acordo aos puntos 2.3. ao 2.5, poderá non facerse a licenza do directivo e o técnico, aínda que deberán figurar no impreso de inscrición).

2.5.- Inscripción de filiais na LIGA GALEGA ABSOLUTA 2ª DIVISIÓN: deberá acompañarse coa tramitación das licenzas de 1 directivo, 1 técnico e, polo menos, 10 deportistas. (Se se realizase a inscrición dun equipo pertencente a un club que tamén realizase inscrición á Liga Galega Absoluta, poderá non facerse a licenza do directivo e o técnico, aínda que deberán figurar no impreso de inscrición).

2.6.- Inscripción na LIGA GALEGA CADETE MIXTA: deberá acompañarse coa tramitación das licenzas de 1 directivo, 1 técnico e, polo menos, 10 deportistas. (Se se realizase a inscrición dun equipo pertencente a un club que tamén realizase inscrición á Liga Galega Absoluta e/ou Xuvenil de acordo aos puntos 2.3. ao 2.5, poderá non facerse a licenza do directivo e o técnico, aínda que deberán figurar no impreso de inscrición).

2.7.- Inscripción na LIGA GALEGA CADETE FEMENINA: deberá acompañarse coa tramitación das licenzas de 1 directivo, 1 técnico e, polo menos, 8 deportistas. (Se se realizase a inscrición dun equipo pertencente a un club que tamén realizase inscrición á Liga Galega Absoluta e/ou Xuvenil de acordo aos puntos 2.3. ao 2.5, poderá non facerse a licenza do directivo e o técnico, aínda que deberán figurar no impreso de inscrición).

2.8.- Inscripción na LIGA GALEGA INFANTIL: deberá acompañarse coa tramitación das licenzas de 1 directivo, 1 técnico e, polo menos, 10 deportistas. (Se se realizase a inscrición dun equipo pertencente a un clube que tamén realizase inscrición á Liga Galega Absoluta e/ou Xuvenil de acordo aos puntos 2.3. ao 2.5, poderá non facerse a licenza do directivo e o técnico, aínda que deberán figurar no impreso de inscrición).

2.9.- Inscripción na LIGA GALEGA ALEVIN: deberá acompañarse coa tramitación das licenzas de 1 directivo, 1 técnico e, polo menos, 8 deportistas. (Se se realizase a inscrición dun equipo pertencente a un clube que tamén realizase inscrición á Liga Galega Absoluta e/ou Xuvenil de acordo aos puntos 2.3. ao 2.5, poderá non facerse a licenza do directivo e o técnico, aínda que deberán figurar no impreso de inscrición).

2.10.- Poderán incorporarse xogadores á relación inicial sinalada nos puntos anteriores sen límite de xogadores. As inscricións de novos xogadores deberán acompañarse coa tramitación da correspondente licenza, debendo realizarse dito trámite con, polo menos, 10 días naturais de antelación ao primeiro partido que poida disputar na categoría / liga para a que foi inscrito.

2.11.- Un xogador pode estar inscrito e participar, simultaneamente, na categoría absoluta, categoría cadete, categoría infantil e categoría alevín co único requisito da idade indicada para estas últimas categorías

2.12.- No caso de non haber unha LIGA GALEGA FEMININA, as mozas poderán xogar nas ligas masculinas co único requisito da mesma idade indicada para cada categoría.

### 3. Aliñacións

3.1.- Os clubes facilitarán á mesa o ANEXO 1 debidamente cumprimentado, co número de gorro xunto co carné dos deportistas que vaian disputar o encontro.

3.2.- Nas actas, e a continuación do nome e apelido (poderá ser INICIAL DO NOME), deberá figurar o ano de nacemento e número de licenza da presente tempada.

3.3.- Os clubes en ningún caso poderán aliñar a un xogador, adestrador ou delegado que se atope cumprindo sanción.

3.4.- A aliñación indebida, será sancionada coa perda do encontro por 10-0, dedución de tres puntos na clasificación e multa de 40 €, sendo esta multa dobrada progresivamente (80 € na segunda infracción a esta norma; 160 € na terceira, etc.) (Regulamento Xeral - Libro III, Art 7.I.1 c e Art. 9.III c). Considérase aliñación indebida:

- Presentar xogadores con idade falsa.
- Presentar xogadores de categoría diferente á establecida.
- Presentar xogadores sancionados.
- Presentar adestradores sancionados.
- Falsear o número de xogadores en idade prevista para cada categoría.
- Delegado non asumible (menor, participante no encontro, etc.).

3.5.- Para considerar correcta a aliñación dun equipo deberán estar presentes un mínimo de sete xogadores para o inicio do encontro.

3.6.- Se se apreciase polo Secretario de Mesa algunha anomalía co carné federativo porao inmediatamente en coñecemento dos árbitros chegando até prohibir a participación do xogador. Devandita irregularidade podería ser; manipulación do carné, texto ou selo con riscos (borróns) ou ilexible, non existir similitude entre a foto e o xogador.

3.7.- Calquera incidencia observada polos equipos deberá ser comunicada aos árbitros do encontro para poder apuntala na acta e efectuar as comprobacións pertinentes, podendo o equipo afectado facer a reclamación ou alegación á incidencia até as 14.00 horas do martes inmediato á data de celebración do encontro, a efectos da súa consideración polo Comité de Competición.

3.8.- Non haberá lugar a reclamacións en caso de non facelo nos prazos fixados.

3.9.- A presentación dos equipos antes do comezo de cada partido será competencia do equipo organizador ou do equipo que figure como local.

## 4. Non presentación

4.1.- A non presentación dun equipo (ou presentación dos seus xogadores sen gorros, balóns ou outros que non permitan a celebración do encontro), levará consigo a perda do mesmo por 10-0, dedución de TRES puntos na clasificación, o abono total do xurado e multa de 200 €, sendo esta multa dobrada progresivamente (400 € na segunda infracción a esta norma, 800 € na terceira, etc.) (Regulamento Xeral - Libro III, Art 7.I.1 c e Art. 9.III c). Así mesmo farase cargo dos posibles gastos de desprazamento realizados polo outro equipo.

4.2.- Só se admitirá a non presentación dun equipo por causa maior (accidente ou avaría durante o desprazamento por parte do medio de transporte, ou situación que orixine o desprazamento do medio de transporte do equipo a un centro sanitario.)

4.3.- Todos os clubs están obrigados a facilitar á FEGAN un número de teléfono onde avisar no caso de que sucedan situacións como as contempladas no punto 3.2 desta normativa. A FEGAN porá en coñecemento de todos os clubs devanditos teléfonos de contacto.

## 5. Retiradas

5.1.- A retirada dun equipo unha vez iniciada a competición será sancionada con 300 € (Regulamento Xeral - Libro III, Art 7.I.1 c e Art. 9.III c), dando lugar á non participación deste na tempada seguinte.

5.2.- Se se producise a retirada durante o transcurso dun encontro, darase por finalizado o mesmo co tanteo que figurase no marcador se é favorable ao adversario, (se fose favorable ao equipo que abandona, este será sancionado coa perda do encontro con 10 goles en contra), sempre con dedución de TRES puntos na clasificación ou perda da eliminatoria se o torneo se dispútase por ese sistema, sendo sancionados o Delegado e Aestrador por 4 partidos e multa ao clube de 300 €, debendo aboar o importe total do xurado, independentemente das sancións que teñan lugar individualmente se se produciron incidentes.

## 6. Equipos Filiais

6.1 -. Os clubs de wáter-polo a constitución dun equipo filial.

6.2 -. O equipo principal e o/os equipos de filiais non poderán participar en competicións correspondentes á mesma categoría (excepto no caso 6.4).

6.3 -. Si un equipo principal/filial descende de categoría e outro participase nela e este ocupase a praza de ascenso, o equipo de descende baixará de categoría e o que ascende subirá de categoría, aínda que este sexa o filial.

6.4 -. Se se dera o caso de que un equipo descenda de categoría e o outro participase nesta sen ascender, os dous equipos poderían xogar na 2ª División Galega.

6.5 -. Ao inicio de cada tempada deportiva, o clube debe notificar á FEGAN, os xogadores adscritos para tanto o equipo principal e do equipo filial.

6.6 -. Poderán estar adscritos ós equipos filiais, os xogadores que o clube estime oportuno, con independencia da súa idade, Podendo ser mixtos.

6.7 -. Os/As xogadores/as pertencentes á categoría xuvenil (nados en 1998 e despois) poderán xogar un número ilimitado de partidos co equipo principal.

6.8 -. Se un equipo presenta un filial mixto, o/as xogadores/as absolutos/as poderán xogar co equipo

principal do seu mesmo xénero (aplicando o apartado 6.9.).

6.9 -. Os/As xogadores/as (nados no 1997 ou con anterioridade) dos equipos filiais poderán, conservando dita adscripción, xogar no equipo principal, como máximo, tres partidos. A partir da cuarta intervención, o xogador pasará a formar parte do equipo principal, non podendo volver ao equipo filial ata a vindeira tempada. Tal participación debe ser efectiva, para o que os auxiliares da secretaria arbitral deberán facer constar o feito na acta.

6.10 -. Un xogador penalizado polos comités disciplinarios da FEGAN, cumprirá a pena na mesma categoría na que cometeu a infracción.

## 7. Cesión de xogadores

7.1 -. En la modalidad de Water-Polo, durante la vigencia de una licencia, un club podrá ceder temporalmente a otros los servicios de un/a deportista, según lo señalado en el presente artículo.

7.2 -. Los/as deportistas hasta 18 años (nados 1998) que tengan licencia por un determinado club podrán participar con un club diferente en categoría absoluta. Para ello será necesario el acuerdo entre los dos clubes implicados, que adoptará la forma de cesión, y que deberá ser presentado a la FEGAN mediante el documento de cesión de jugadores/as debidamente cumplimentado. Ésta procederá a la inscripción de la relación de jugadores/as habilitados para participar en cada una de las categorías y partidos.

Este acuerdo se deberá realizar con fecha límite de 31 de diciembre de la temporada en curso, en ningún caso se admitirá la inscripción de un jugador/a en la final sin haber participado en la fase clasificatoria.

7.3 -. En el supuesto de menores de edad, tal consentimiento deberá ser completado con la autorización de sus padre/madre o tutor.

7.4 -. Para que la cesión pueda producirse iniciada la temporada deportiva, el jugador/a cedido no deberá haber sido alineado en ningún partido con el club cedente en dicha categoría, ya sea en competición de ámbito autonómico como estatal.

7.5 -. En el acuerdo de cesión deberá fijarse expresamente la duración de la misma, que no podrá exceder de dos temporadas consecutivas, y sin que en ningún caso, pueda superar la vigencia de la licencia que tenga el waterpolo con el club cedente.

7.6 -. El jugador/a cedido no podrá volver al club cedente en dicha categoría en la temporada en curso, ni podrá a su vez, se cedido a un tercer club.

7.7 -. El jugador/a cedido será considerado como jugador/a del club cesionario en dicha categoría, con las consecuencias que de ello deriven, no pudiendo este estar sujeto a consideración distinta de las derivadas de la normativa vigente.

## 8. Licenzas de Wáter-polo

8.1.- As licenzas dos xogadores, adestradores e delegados acompañadas das fichas en caso de menores sen DNI, deberán ser presentadas na FEGAN como mínimo 8 días naturais antes do comezo da competición de cada categoría. Os xogadores que sexan presentados con posterioridade, non poderán xogar até que non aparezan na relación oficial de xogadores.

8.2.- As relacións oficiais de xogadores presentaranse por categorías de idades na FEGAN, e esta deberá acreditarlas para a súa presentación aos árbitros en cada encontro.

8.3.- A non presentación da licenza ou relación oficial da FEGAN será sancionada con multa de 6 € por cada un dos xogadores aliñados con esta incidencia.

8.4.- Se se presenta no partido "Licenza en trámite" sen o permiso ou autorización da FEGAN será aliñación indebida.

8.5.- En partidos de categoría benxamín poderán participar deportistas con licenzas de calquera modalidade da FEGAN (natación, sincronizada ou wáter-polo).

8.6.- As rapazas poderán xogar en calquera competición masculina (excepto en 1ª División Masculina) respectando as idades.

## 9. Adestradores

9.1.- As licenzas de adestradores deberán ser presentadas no mesmo prazo que as dos xogadores, nunha relación aparte.

9.2.- Para poder estar inscrito no acta como primeiro ou segundo adestrador, cos seus correspondentes dereitos e deberes, de calquera partido oficial de wáter-polo, deberase acreditar calquera das seguintes titulacións en función das categorías indicadas a continuación:

### Categorías Inferiores (Benxamín-Alevín-Infantil-Cadete-Xuvenil)

- Licenciado en CAFeD
- Graduado en CAFeD
- TAFAD
- Monitor de Natación u outra superior
- Xornadas Técnicas de Iniciación ao Wáter-polo
- Titulación equivalente ás anteriores no estranxeiro

### Categorías absolutas (Masculina-Feminina)

- Licenciado en CAFeD
- Graduado en CAFeD
- Adestrador Auxiliar de Wáter-Polo ou outra superior
- Titulación equivalente ás anteriores no estranxeiro

9.3.- Establecerase a opción de contar cun “adestrador axudante”, coa súa correspondente licenza, o cal poderá ter os dereitos e deberes de primeiro adestrador sempre que exista un adestrador con licenza que estea na acta como segundo adestrador e polo tanto sentado no banco (a excepción dos campionatos onde un clube inscriba dous equipos e se disputen os partidos en piscinas diferentes nese caso o adestrador axudante poderá estar só se así o considera o clube). A licenza de adestrador axudante terá unha validez dunha tempada, non podendo prorrogarse no tempo.

9.4.- No banco, ademais dos xogadores aliñados no acta, só poderán permanecer o delegado, adestrador, segundo adestrador, médico, ATS e un fisioterapeuta, se os houberse sempre debidamente acreditados, asumindo cada un exclusivamente as súas funcións e sempre que como máximo haxa 10 persoas.

9.5.- Todos os clubes participantes en competicións de wáter-polo da FEGAN deberán ter obrigatoriamente a un adestrador con licenza en vigor segundo as titulacións relativas ás distintas categorías.

## 10. Calendarios

10.1.- As ligas comezarán nas datas establecidas no calendario de Wáter-polo, e desenvolveranse conforme a dito calendario (circular 15-37).

10.2.- A FEGAN terá potestade para modificar o orde dos partidos dunha xornada por motivos de organización.

10.3.- O tempo de cortesía, por se houberse atraso dalgún dos participantes, será de 30 minutos contados a

partir da hora de comezo sinalada.

10.4.- O calendario de Liga Galega Absoluta de 1ª e 2ª División será realizado mediante sorteo puro, axustando os partidos de categorías inferiores en función de tal sorteo.

10.5.- Os equipos que representen a Galicia no Campeonato de España de Waterpolo de 3ª División, serán o campión y subcampión da Liga Absoluta de 1ª División dese ano, no caso de non haber rematado a competición, terán dereito os dous primeiros clasificados da Fase de Liga Regular, no caso de non ter finalizado, terán dereito os dous primeiros clasificados da temporada anterior.

10.6.- Os equipos que representen a Galicia nos Campionatos de España de Waterpolo por clubs Infantil e/ou Cadete, serán os gañadores das súas respectivas Ligas Galegas do presente ano, polo que estas ligas deberán rematar antes de que se celebren os respectivos Campionatos de España. Respecto ao Xuvenil, será o vencedor da Copa Xuvenil.

10.7.- O clube que solicite un aprazamento, xunto coa solicitude, cuxo modelo se achega, deberá comunicar á Federación DATA, INSTALACIÓN e HORA DE CELEBRACIÓN do encontro que se pretende aprazar. Esta solicitude deberá presentarse na Secretaría da FEGAN con 15 días naturais de antelación á data que figura no calendario oficial. As solicitudes de aprazamento deberán ser remitidas utilizando un medio fidedigno á FEGAN, con copia ao equipo contrario, por Directivo con licenza federativa que se responsabilice. A FEGAN comunicará o aprazamento a ambos os clubs no prazo de 3 días logo de recibir a solicitude.

10.8.- Por causa de forza maior os clubs poderán aprazar partidos fora do prazo establecido (con menos dos 15 días naturais) pero será condición indispensable para o seu aprazamento presentar á FEGAN un certificado asinado por persoal directamente implicado na suspensión do encontro (responsable da instalación) que avale a suspensión do mesmo, reservándose a FEGAN o dereito de admitir ou non o troco.

## 11. Delegados

11.1.- Será imprescindible que o Delegado de Equipo (maior de idade) presente a licenza correspondente.

11.2.- O clubs deberán designar Delegado de Campo (maior de idade) cando lles corresponda, significando que o labor do mesmo limitase á súa colaboración co xurado nos puntos específicos que se recollen na presente normativa.

11.3.- O Delegado de Equipo advertirá á mesa quen sinalará os tempos mortos en ausencia do adestrador (poderá ser segundo adestrador, un delegado ou capitán do equipo), antes do comezo do partido.

11.4.- A ausencia do Delegado de Campo será sancionada con 20 € (Regulamento Xeral - Libro III, Art 7.I.1 c e Art. 9.III c), sendo suficiente a súa acreditación co DNI e o nomeamento do seu clube. Será necesaria para a celebración do partido a presenza dunha persoa física que actúe como delegado de campo e, en caso de non habela, o equipo infractor cargará con todos os gastos (multa, arbitaxes do encontro, así como gastos de instalación se os houbese).

## 12. Sistemas de puntuación e clasificación

12.1.- A puntuación por partido na liga será.

- 3 puntos para o equipo gañador.
- 1 punto para cada equipo, en caso de empate.
- 0 puntos para o equipo perdedor.

12.2.- Nas competicións oficiais determinarase o equipo campión, de acordo coas normativas que se publiquen en cada tempada deportiva.

12.3.- No caso de empate de dous equipos en número de puntos, nunha competición oficial a dobre volta, a clasificación farase segundo a seguinte orde prioritaria:

- O mellor clasificado será o equipo que sume máis puntos nos encontros entre ambos.
- O mellor clasificado será o equipo que teña unha maior diferenza de goles entre ambos.
- O mellor clasificado será o equipo que teña maior diferenza de goles no cómputo xeral.
- O mellor clasificado será o equipo que marque maior número de goles.
- En caso de persistir o empate, e só no caso de que sexa necesario para a clasificación para unha competición posterior, realizarase un novo partido de desempate nunha das sedes dos implicados por sorteo, e en caso de que ningún equipo teña posibilidade de piscina a FEGAN será a encargada de establecer unha sede previamente fixada no calendario. O partido non poderá rematar en empate, podendo haber prórroga e en caso de persistir o empate recorrerase á morte súbita.

12.4.- No caso de empate, en número de puntos, entre máis de dous equipos, en competicións a dobre volta, farase a clasificación segundo a seguinte orde correlativa:

- O mellor clasificado será o equipo que sume máis puntos nos encontros disputados entre eles.
- O mellor clasificado será o equipo que teña maior diferenza de goles no cómputo xeral de goles.
- O mellor clasificado será o que marque maior número de goles.
- En caso de persistir o empate, e só no caso de que sexa necesario para a clasificación para unha competición posterior, a FEGAN decidirá el modelo a seguir para desempatar.

12.5.- No caso de empate a puntos entre equipos de categorías benjamin e alevín, en competicións a dobre volta, o gañador será:

- O mellor clasificado será o equipo que sume máis puntos nos encontros entre ambos.
- O mellor clasificado será o equipo que teña unha maior diferenza de goles entre ambos.
- O mellor clasificado será o equipo que teña maior número de goles anotados entre ambos.
- En caso de persistir o empate declararanse dous campións.

12.6.- No caso de empate a puntos entre equipos de categorías Infantil e Cadete, en competicións a dobre volta, o gañador será:

- O mellor clasificado será o equipo que sume máis puntos nos encontros entre ambos.
- O mellor clasificado será o equipo que teña unha maior diferenza de goles entre ambos.
- O mellor clasificado será o equipo que teña maior número de goles anotados entre ambos.
- No caso de persistir o empate, e só no caso de que sexa necesario para a clasificación para unha competición posterior, realizarase un novo partido de desempate nunha das sedes dos implicados por sorteo, e en caso de que ningún equipo teña posibilidade de piscina a FEGAN será a encargada de establecer unha sede previamente fixada no calendario. O partido non poderá rematar en empate, podendo haber prórroga e en caso de persistir o empate recorrerase á morte súbita.

12.7.- Play-Offs:

- Disputaranse ó mellor de 3 partidos, polo que non haberá posibilidade de empate, en cada partido haberá un gañador.

12.8.- Se unha vez finalizado o tempo regulamentario de xogo dun partido, e fóra necesario segundo as normas de cada competición, tras 5 minutos de descanso, lanzarase unha quenda de lanzamentos desde o

punto de penalti, 5 cada equipo, caso de rematar en empate seguiranse lanzado de un en un até que se desfaga o empate.

## 13. Condicións técnicas

13.1.- A competición desenvolverase tomando como modelos os distintos Sistemas de Competición. O Sistema de Competición determinarase en función do número de equipos inscritos.

13.2.- Duración dos partidos:

Liga Absoluta Masculina: 4 periodos de 8 minutos con descanso de 2-5-2 minutos entre periodos.

Liga Absoluta Feminina: 4 periodos de 6 minutos con descanso de 2 minutos entre periodos.

Liga Cadete Mixta: 4 periodos de 7 minutos con descanso de 2 minutos entre periodos.

Liga Cadete Feminina: 6 periodos de 3 minutos con descanso de 2 minutos entre periodos.

Liga Infantil Mixta: 6 periodos de 4 minutos con descanso de 2 minutos entre periodos.

Liga Alevín Mixta: 6 periodos de 3 minutos con descanso de 2 minutos entre periodos.

Liga Benxamín Mixta: 4 periodos de 4 minutos con descanso de 2 minutos entre preiodos.

13.3.- Tempos mortos:

Liga Absoluta Masculina: 4 tempos mortos de 1´

Liga Absoluta Feminina: 4 tempos mortos de 1´

Liga Cadete Mixta: 4 tempos mortos de 1´

Liga Cadete Feminina: non haberá tempos mortos

Liga Infantil Mixta: non haberá tempos mortos

Liga Alevín Mixta: non haberá tempos mortos

Liga Benxamín Mixta: non haberá tempos mortos

13.4.- Categoría Absoluta Feminina:

- Jugarán 6 y portera, pudiendo haber en el banquillo hasta 7 jugadoras.

13.5.- Categoría Cadete Feminina

- Jugaran 4 y portera, pudiendo haber en el banquillo hasta 8 jugadoras.
- As dimensións do terreo de xogo son unha das principais modificacións. Esta modificación será unha redución do espazo de xogo, ata as seguintes dimensións: 15 m. de longo e 12 m. de ancho.
- Outro cambio importante será a eliminación da marca de 5 metros.
- Polo tanto, manteranse as marcas brancas (liña de gol e liña do centro do campo) e as marcas vermellas (liña de 2 metros desde a liña de gol); e elimínase a marca amarela, e con ela a posibilidade de lanzamento directo a portería ao sacar unha falta.
- No haberá marca de 5 metros nin lanzamento de falta directo.
- A marca de 2 metros seguirá a mesma función que nas diferentes categorías.
- Utilizaranse porterías pequenas, coas dimensións reducidas, tanto en altura como en ancho que serán 0,70 x 2,50. Estas medidas serán obrigatorias en todas as competicións oficiais de categoría alevín. Poderanse utilizar as mesmas porterías, aínda que utilizando un implemento que permita reducir a súa altura e ancho.
- Cuando un equipo no tenga los medios para presentar un equipo en esta categoría, se dará la



posibilidade de ceder jugadoras a outros equipos para jugar exclusivamente en esta categoría, sin perder la posibilidade de jugar con su club de orixe en el resto de categorías.

- O xogador excluído irá á zona de reentrada e sairá inmediatamente, excepto cando un xogador non realiza unha saída oportuna cando é expulsado o se realiza unha entrada incorrecta ao terreo de xogo, o árbitro parará o xogo, e mandará ao xogador infractor á zona de expulsión onde permanecerá durante 10 segundos.

#### 13.6.- Categoría Infantil Mixta

- Es preciso que los jugadores reflejados en el acta jueguen como mínimo una parte del partido entre los periodos 1º y 4º.
- Durante los 4 primeros periodos no se pueden hacer cambios (a excepción de las circunstancias de sangre o tres faltas personales). Permittedose realizar todos los cambios necesarios en las dos últimas partes del partido.

#### 13.7.- Categoría Alevín Mixta

- Jugaran 5 y portero, pudiendo haber en el banquillo hasta 7 jugadores.
- Es preciso que los jugadores reflejados en el acta jueguen como mínimo una parte del partido entre los periodos 1º y 4º.
- Durante los 4 primeros periodos no se pueden hacer cambios (a excepción de las circunstancias de sangre o tres faltas personales). Permittedose realizar todos los cambios necesarios en las dos últimas partes del partido.
- As dimensións do terreo de xogo son unha das principais modificacións. Esta modificación será unha redución do espazo de xogo, ata as seguintes dimensións: 15 m. de longo e 12 m. de ancho.
- Outro cambio importante será a eliminación da marca de 5 metros.
- Polo tanto, manteranse as marcas brancas (liña de gol e liña do centro do campo) e as marcas vermellas (liña de 2 metros desde a liña de gol); e elimínase a marca amarela, e con ela a posibilidade de lanzamento directo a portería ao sacar unha falta.
- No haberá marca de 5 metros nin lanzamento de falta directo.
- A marca de 2 metros seguirá a mesma función que nas diferentes categorías.
- Utilizaranse porterías pequenas, coas dimensións reducidas, tanto en altura como en ancho que serán 0,70 x 2,50. Estas medidas serán obrigatorias en todas as competicións oficiais de categoría alevín. Poderanse utilizar as mesmas porterías, aínda que utilizando un implemento que permita reducir a súa altura e ancho.
- O xogador excluído irá á zona de reentrada e sairá inmediatamente, excepto cando un xogador non realiza unha saída oportuna cando é expulsado o se realiza unha entrada incorrecta ao terreo de xogo, o árbitro parará o xogo, e mandará ao xogador infractor á zona de expulsión onde permanecerá durante 10 segundos.

#### 13.8.- Categoría Benjamín Mixta

- Jugaran 4 y portero, pudiendo haber en el banquillo hasta 8 jugadores.
- As dimensións do terreo de xogo son unha das principais modificacións. Esta modificación será unha redución do espazo de xogo, ata as seguintes dimensións: 15 m. de longo e 12 m. de ancho.
- Outro cambio importante será a eliminación da marca de 5 metros.
- Polo tanto, manteranse as marcas brancas (liña de gol e liña do centro do campo) e as marcas vermellas (liña de 2 metros desde a liña de gol); e elimínase a marca amarela, e con ela a posibilidade de lanzamento directo a portería ao sacar unha falta.

- No haberá marca de 5 metros nin lanzamento de falta directo.
- A marca de 2 metros seguirá a mesma función que nas diferentes categorías.
- Utilizaranse porterías pequenas, coas dimensións reducidas, tanto en altura como en ancho que serán 0,70 x 2,50. Estas medidas serán obrigatorias en todas as competicións oficiais de categoría alevín. Poderanse utilizar as mesmas porterías, aínda que utilizando un implemento que permita reducir a súa altura e ancho.
- O xogador excluído irá á zona de reentrada e sairá inmediatamente, excepto cando un xogador non realiza unha saída oportuna cando é expulsado o se realiza unha entrada incorrecta ao terreo de xogo, o árbitro parará o xogo, e mandará ao xogador infractor á zona de expulsión onde permanecerá durante 10 segundos.

13.9.- Cando se enfronten 2 clubs con categorías inferiores, estas poderanse agrupar sempre que estean de acordo ámbolos clubs. Para iso hai que remitirse ao punto 1.2 da Normativa Xeral de Wáter-polo que di que todos os clubs terán que poñelo en coñecemento da FEDGAN. Agruparán na mesma xornada 2, 3 ou 4 competicións, entre as categorías Benxamín, Alevín, Infantil, Cadete e Absoluta (Masculina e Feminina) xogando os partidos un tras outro. Tendrán que respetar un mínimo de duración para cada categoría:

- Benxamín: 45´
- Alevín y Cadete Femenino: 1 hora
- Infantil: 1 hora y 15´
- Cadete, Juvenil y Absoluto: 1 hora y 30´

13.10.- Lémbrese que ao primeiro adestrador do equipo atacante permíteselle moverse en calquera momento até a liña de 5 metros.

13.11.- O balón utilizado será o seguinte para cada categoría:

- Categoría benxamín: balón de mini water-polo (TURBO 3 ou similar) cunha circunferencia de 560-580 mm e un peso de 300-320 gramos.
- Categorias infantil e alevín: o balón será o de categoría junior (MIKASA 6009; TURBO 4 ou similar) cunha circunferencia de 650-670 mm e un peso de 300-320 gramos.
- Categoría absoluta y cadete feminina : o balón será o de categoría women (MIKASA 6009 W; TURBO 4 W ou similar) cunha circunferencia de 650-670 mm e un peso de 400-420 gramos.
- Categorias cadete, xuvenil e absoluta masculina: o balón será MIKASA 6000; TURBO 5 ou similar.

## 14. Actas

14.1.- Os árbitros serán os encargados de levar as actas oficiais e levantarán acta por triplicado, entregándose un exemplar ao finalizar o partido a cada equipo.

14.2.- Na acta deberán asinar, antes do comezo do partido, o Delegado de Campo e os Capitáns de ambos os equipos. Estas firmas darán fe dos datos que figuran relativos aos xogadores, adestrador e delegado dos seus respectivos equipos (nome, número de licenza, ano de nacemento, etc.), sendo responsables os asinantes de calquera anomalía nos datos que se refiren ao seu equipo.

14.3.- Aínda no caso de incomparecencia de un ou ambos equipos, ou ben se se suspendese o partido por calquera outra causa, deberase estender a acta correspondente, facendo constar no anexo da mesma os motivos que levan a determinar a suspensión.

14.4.- No caso de ter que elevar un informe por incidente, o árbitro poderá facer constar en INCIDENCIAS, unicamente "SEGUE INFORME", redactando o mesmo nas VINTE E CATRO HORAS seguintes, e remitíndoo ao Comité de Competición, o cal se encargará de pór en coñecemento dos dous equipos o citado informe e

solicitar dos mesmos información dos incidentes relatados, se así o estima oportuno.

14.5.- No apartado correspondente da acta deberá facerse constar o número de licenza dos xogadores para a tempada en curso. En todo caso, se xurdise algunha dúbida, o árbitro encargarse de que os xogadores acrediten de forma indubidable a súa personalidade e demais datos. Así mesmo, encargarse de recoller a sinatura do deportista no caso de que este non figure en relación oficial nin teña ficha, na alínea INCIDENCIAS, comprobándose posteriormente a veracidade dos datos.

14.6.- As actas deberán ser confeccionadas respectando a observancia das seguintes normas:

a) Redactar a acta de forma breve, concisa e lexible.

b) Apuntar nela todo incidente ou reclamación (ou significar SEGUE INFORME).

c) Recoller todos os datos necesarios para coñecer o incidente.

d) Non facer cualificacións do suceso, limitándose a reflectir no acta o feito ocorrido e o resultado das comprobacións, se as houbera.

e) En caso de insulto a xogadores, árbitros, técnicos, etc., facer constar exactamente o tipo de insulto.

f) Os árbitros serán os encargados de facer chegar á FEGAN copia da acta o máis axiña posible, como máximo 48 horas logo de terse celebrado o encontro.

## 15. Arbitraxes

15.1.- O xurado mínimo deberá estar composto por dous árbitros e tres auxiliares de mesa nas categorías absoluta, xuvenil e cadete, e por un árbitro e dous auxiliares de mesa nas categorías infantil e alevín. A criterio do CGA en casos excepcionais poderase convocar un xurado inferior.

15.2.- Os árbitros e auxiliares para os partidos serán nomeados pola FEGAN a través do C.G.A.

15.3.- Os erros técnicos dos árbitros serán resoltos polo COMITÉ GALEGO DE ÁRBITROS, que informará das resolucións adoptadas ao Comité de Competición e ao responsable técnico da FEGAN.

15.4.- Crearase a figura do avaliador de árbitros nos partidos para establecer unha puntuación a estes, podéndose contar coa súa presenza como mínimo nos campionatos oficiais de categoría absoluta, xuvenil e cadete.

## 16. Comité de competición

16.1.- Para resolver as incidencias que poidan producirse nas competicións territoriais, actuará o Comité de Competición da FEGAN (xuíz único), o cal se rexerá polo Regulamento de WP da FINA, Regulamento da División de WP da RFEN, Regulamento Xeral da RFEN e Regulamento Xeral e Normativa de WP da FEGAN.

16.2.- Aos efectos da competición, recórdase que as sancións do Comité son de efectos inmediatos.

16.3.- A suspensión aplicarase en calquera partido que se xogue a continuación segundo calendario inicial, debendo cumprirse na categoría en que se produciu a sanción (excepto no caso de sanción grave e cambio de categoría, que deberá cumprir a sanción na súa totalidade, aínda na nova).

16.4.- Para as súas resolucións o Comité de Competición utilizará as actas dos partidos e, no caso de que os houbera, os informes arbitrais.

16.5.- As resolucións adoptadas faranse chegar aos Clubes da forma máis rápida posible, adiantando a comunicación telefonicamente se se estimase oportuno.

16.6.- Coa mesma data a FEGAN enviará ao Comité de Árbitros aquelas sancións pendentes de cumprir, aos efectos oportunos.

## 17. Obrigas dos clubs

17.1.- O clube organizador en cada partido, deberá ter preparado o campo de xogo regulamentario, polo menos 30 minutos antes da hora sinalada para o comezo do mesmo. Todos os membros dos equipos deben ir acreditados (ficha ou DNI ou carné de conducir).

17.2.- Deberá dispor de todo o material necesario para o desenvolvemento do encontro, segundo o Regulamento RFEN vixente. Haberá un mínimo de tres balóns para o partido, que serán revisados polo árbitro, así como tres cronómetros para o control dos tempos, campá para avisar o último minuto e as bandeiras regulamentarias de mesa.

17.3.- A FEGAN facilitará aos clubs a acta oficial para a súa entrega ao xurado en cada encontro do que sexan organizadores.

17.4.- O clube organizador (e entenderase como clube organizador o que figure en primeiro lugar no encontro), debe velar pola seguridade dos membros do xurado, así como dos compoñentes do equipo contrario, etc., sendo obrigatoria pola súa banda a presenza dun Delegado de Campo (ou persoa que asuma as súas funcións). Durante o partido procurarán por todos os medios ao seu alcance, que non se produzan incidentes de ningunha clase, cortándoos na medida das súas posibilidades.

17.5.- Así mesmo o Delegado de Campo deberá protexer ao xurado, así como aos compoñentes do equipo contrario, etc., e debe coidar de que os árbitros poidan efectuar os seus labores sen interferencias estrañas, atendendo en todo ás súas indicacións. O Delegado de Campo situarase a carón da mesa do xurado.

17.6.- O Delegado de Campo coidará de reprimir os insultos. Coidará así mesmo de controlar, dentro das súas posibilidades, a actitude do público. En caso de incidentes, o árbitro deberá facer constar na acta a actuación do Delegado de Campo.

17.7.- Se a actuación do Delegado de Campo non fose correcta, o árbitro presentará informe do mesmo ao Comité de Competición.

17.8.- En caso de incidencias, calquera dos clubs que disputasen o partido, poderán manifestar por escrito as alegacións que estimen oportunas; estas deberán remitirse por escrito á FEGAN até as 14.00 horas do martes seguinte á celebración do partido, non admitíndose as presentadas fóra de devandito prazo. Se un dos equipos observa algunha irregularidade, deberá comunicalo ao árbitro antes de que os xogadores e os equipos abandonen a instalación para que poida ser apuntada na acta.

17.9.- En concepto de gastos de arbitraje (actuación), cando corresponda, os clubs abonarán por anticipado á celebración do encontro, o importe do xurado.

17.10.- Todo o non reflectido neste Regulamento, rexerese polo da División Nacional de Waterpolo da RFEN.

## 18. Seguridade

18.1.- Os xogadores absteranse de levar pulseiras, aneis, pendentes ou calquera outro tipo de elemento que poida ocasionar feridas ou lesións a outros compañeiros ou a el mesmo durante o xogo.

18.2.- Antes de cada encontro os xogadores dos dous equipos formarán nun lateral do campo onde serán revisados polos árbitros. Logo da revisión os árbitros situánsense entre os dous equipos e tras saudar ao público darán comezo ao encontro.

## 19. Réxime económico

Os gastos xerados polas competicións distribuiranse como segue:

LIGA GALEGA DE WATERPOLO	
COPA GALEGA DE WATERPOLO (FASE PRELIMINAR E PREVIA)	
Dereitos de arbitraje	Clube organizador

Dietas árbitros	FEGAN
Quilometraxe árbitros	FEGAN
Xurado Auxiliar e outros gastos de organización	Clube organizador
Trofeos	FEGAN
CAMPIONATOS GALEGOS FASE FINAL COPA GALEGA DE WATERPOLO	
Dereitos de arbitraje, xurado auxiliar e avaliadores	Reparto entre Clubes participantes
Dietas árbitros	FEGAN
Quilometraxe árbitros	FEGAN
Outros gastos de organización	Clube organizador
Trofeos	FEGAN
Medallas si as houbera	FEGAN

## 20. Trofeos Clubes

Nos Trofeos e demais competicións organizadas polos clubs, estes correrán con todos os gastos da organización.

A Coruña, 2 de outubro de 2015.

Secretaría Xeral FEGAN

**Federación Galega de Natación  
Impreso de solicitude de aprazamento**

CLUB SOLICITANTE:

DATA DE SOLICITUDE:

DATA INICIAL DO ENCONTRO A APRAZAR:

ENCONTRO:

DATA E HORA PROPOSTA:

PISCINA:

Responsable da solicitude:

Licenza número:

Sinatura e selo do Club solicitante (nos envíos por correo electrónico isto non é necesario)

Responsable polo Club que acepta o cambio:

Licenza nº:

Sinatura e selo do Club que acepta o cambio (nos envíos por correo electrónico isto non é necesario)

As solicitudes presentadas por correo electrónico deberán ser remitidas dende correo oficial do Club.  
As solicitudes presentadas por fax poderán ser remitidas por ambos clubs de xeito independente. Cada club remitirá unha solicitude cos seus datos, sinatura e selo correspondentes

Os Clubs arriba asinantes acordan o cambio recollido neste impreso A EXPENSAS DE CONFIRMACIÓN POLA FEGAN da súa aceptación, INCORPORANDO, se procede a taxa correspondente á FEGAN

MODIFICACIÓN DATA	Ata 15 días antes	Con conformidade	Sen cota
	Entre 15 e 7 días	Con conformidade	60 € *
	Menos de 7 días	NON SE ADMITE CAMBIO	
MODIFICACIÓN HORARIO	Ata 15 días antes	Con conformidade	Sen cota
	Entre 15 e 7 días	Con conformidade	30 € *
	Menos de 7 días	NON SE ADMITE CAMBIO	

\* (Regulamento Xeral – Libro III, Art 7.I.1 c e Art. 9.III c)

Resolución da FEGAN:



FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN

Avenida de Glasgow, 13

CP 15008 - A Coruña

[www.fegan.org](http://www.fegan.org) - [info@fegan.org](mailto:info@fegan.org)